

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

RESOLUCIÓN DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE

Visto o documento remitido polo Tesoureiro e superior responsable da contabilidade e da orzamentación no Concello de Vigo en data 09/07/2025, instando a elaboración do anteproxecto de Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2026;

Visto o establecido nas vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, aprobadas en data 23/09/2022, que atribúe aos postos de traballo tipo de "técnico/a de recursos humanos", entre outras, as funcións de confección do borrador do Anteproxecto do Orzamento de Gastos de Persoal segundo as directrices marcadas pola xefatura correspondente, así como realizar o control e o seguimento da evolución do gasto, co obxectivo de analizar as posibles desviacións, propoñendo e tramitando, no seu caso, as modificacións orzamentarias oportunas; xestionar os gastos imputables ao capítulo I dos orzamentos, segundo as directrices marcadas pola xefatura correspondente; elaborar e actualizar o cadro de persoal de empregados municipais; e elaborar os estudos ou informes de índole económica que sexan necesarios;

Pola presente e ao abeiro do disposto no art. 165 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Designar como Instrutora do expediente á funcionaria municipal D^a S. Estrada Ibáñez, técnica de formación e avaliación de recursos humanos (posto tipo técnico/a de recursos humanos) adscrita á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos da realización das actuacións procedentes consonte ao disposto no art. 171.1 do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo.

SEGUNDO.- Dispoñer que no expediente que pola presente se incoa deberá procederse á incorporación da totalidade dos puntos contidos nas directrices proporcionadas pola superior dirección orzamentaria e contable indicadas, debendo estar rematadas as actuacións completas -incluíndo a negociación colectiva que proceda- **antes do próximo 15 de setembro do 2025.**

Vigo, data de sinatura electrónica

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

Dou fe, A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo
47062-220

Data impresión: 10/07/2025 10:57 Páxina 1 de 1
CSV: A8A888-2389D6-A34D4B-WGSDF5-VJ3ZUB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>